

Relatos

Manuel Pereira Valcárcel

CAUSA - EFECTO

A Marcela Porto Mato

Ti estabas na cola do supermercado, na sección de comida preparada. Case non te recoñecín, pero ti insistiches no saúde desde lonxe. Agradezo a porfía. Achegueime e, claro, eras ti. A que eu pensaba que serías.

É setembro de 2020. As máscaras da pandemia ocultan espazos importantes da face. Ollos e larinxe levan agora case todo o peso da identidade.

Un ano sen vérmonos. Lin varios poemas teus neste tempo, en antoloxías e libros colectivos. Gustáronme. Gustáronme moito. Algúns, eróticos, excelentes.

Si, é que tiven unha adolescencia un tanto expresionista, digamos.

Ignoraba a súa orixe confesional, dixeran ao ver que a parte visible do teu rostro arroibaba moderadamente e adornábase cun sorriso *molto vivace*.

E engadín, non importa a verdade ou a ficción, o efecto é o importante. Só o efecto. Causas sobran.

E despedímonos sen melancolía e con distancia.

PARAÍSO

Eu coido que ir ao ceo debe ser abondo fácil. Ti fas o que che pete. O que che saia de alí mesmo. E cando a idade avance moito, arrepiñínteste e xa está todo perdoado.

Poida que sexa inxusto, mais a lei é a lei. É para todos igual.

Ou sexa, un está levando unha vida comedida e reservada e ao final ten unha arrouxada e condénase. Todo perdido. Inferno e cadeas.

Éche igual ca nos exames, un, unha, fai todo o choio, estuda horas e horas, meticulosamente. Fai un bo exame e a persoa que lle copia vai e quita mellor nota. A salvación eterna imaxínoa dun xeito semellante.

Xustamente. De feito o Photoshop está quitado de aí. Metiches a pata, controlZ e listo, asunto arranxado. Unha vida de crápula, unha traxectoria de excesos e ebriedades. Despois, un arrepentimento ben interpretado, remorsos con bágoas mornas e unha confesión oportuna. Vía libre. O ceo agarda.

Téñome que informar ben. Apañarei un tutorial do Photoshop.

ADVERTENCIA

Chámame Kalachnikov, díxolle ela. Daquela el refugou. Non quixo tentar. Non era unha provocación por parte dela. Só unha advertencia. El era pacifista. Mirouna como se erguera unha bandeira branca e díxolle, as armas cárgaas o demo. Encántame o inferno, retrucou ela. Mais el preferiu a vergoña de quedar coma pusilánime, que ser o albo da afouteza allea. Os costumes da pólvora formaban parte dos rituais da súa relixión.

ANTÍTESE

–Gústame que me digan as cousas en ton duro, sen adobíos nin masaxes. Con palabras imperativas e esixentes, mesmo ríspetas. Aí está o amor, no desexo de perfección da outra persoa. Na cólera que nos producen os defectos

de quen amamos. Na distancia que tomamos respecto á compracencia. Prefiro ter o corazón postergado antes ca a dozura impostada da hipocrisía.

–Mira, déixame en paz! Ti e mais o teu corazón postergado.

BUS

O tempo pasa voando. É un tiro. Visto e non visto. Cando te descoidas caeuche unha década enriba. Hai tempo cambiaba cueiros e agora

aqueles nenos xa están no ESO e piden móbiles. O tempo, insensible e demoledor.

Dende logo o mundo está mal feito. Moi mal. E os accesorios non digamos. O tempo é un deses accesorios, un dos principais. O tempo e os seus aliados. Arrástranos, e sométenos e erosiónannos.

O tempo é a verdadeira espada de Demóstenes. Ou era outro o da espada? Damocles, talvez? Que complicado todo.

E o autobús a que espera? Non dá vido!